

UN PECHE BASADO EN DATOS FALSOS

Hai só catro días o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM)(*) afirmou que **os datos que sustentaban as razóns dos dirixentes do SERGAS** para pechar a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Gil Casares, en Santiago, **eran falsos**.

Decían que se podía “bloquear” (pechar) camas porque a ocupación dos últimos meses era do 50% nas dúas Unidades existentes de hospitalización (a do Gil Casares e a do Hospital de Conxo). A suma das dúas daría satisfacción, a menor coste, ás necesidades existentes. O MGSM afirmou que eses datos eran falsos. **Tamén protestou que os dirixentes sanitarios non fixeran pública a información dispoñible, xa que é de todos**.

Hoxe aportamos para o coñecemento público os datos que elabora o propio Complexo Hospitalario Universitario de Santiago sobre a súa actividade dende o 2010 ata marzo de 2014. **Estes datos son de obrigado coñecemento para os directivos** que están a xustificar o recorte de camas basando as súas razóns en datos falsos. Ou ben non coñecen os datos que a súa organización xenera, o cal é moi malo; ou ben coñecéndoo comunican outros sabendo da súa falsidade, o cal é peor.

A verdade é que a ocupación de camas psiquiátricas é moi alta (o primeiro % en cada paréntesis é da unidade do Gil Casares, o segundo % é da Unidade do Hospital de Conxo): 2010 (95,52% e 96,82%), 2011 (93,31% e 89,00%), 2012 (95,82% e 91,49%), 2013 (95,74% e 73,92%), xaneiro de 2014 (só datos de Gil Casares: 94,15%), febreiro de 2014 (só datos de Gil Casares: 70,85%), marzo de 2014 (só datos de Gil Casares: 88,79%).

Non son certos os datos de ocupación do 50% presentados por quen ten a obriga de coñecer a realidade e informar con veracidade da mesma. Xa na súa declaración fundacional o MGSM afirmou que se estaba a ocultar a información sanitaria á que a poboación ten dereito. Tamén que se estaban a restrinxir os dereitos asistenciais das persoas ó negárselles sin xustificación os tratamentos indicados, entre outros a hospitalización cando é preciso. **Para negar eses dereitos recórrase á ocultación ou o engano da información pública**. Non podemos aceptar que se poidan pechar camas cando é patente a súa necesidade. Non imos deixar que os máis febles sexan obxecto da inxustiza en marcha.

Nin unha soa cama bloqueada, nin un só día a Unidade pechada. Estaremos moi atentos ás convocatorias que se realicen para opoñerse a este peche.

Santiago 12 de mayo de 2014

MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL

(*) O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental da comunidade e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CCOO), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuices pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de profesionais de drogodependencias e outras condutas adictivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS.